

Domingo, día 14, ás 19:00h.

“R.I.P. Marandaina” Grupo de Teatro “O BORDELO” de Cervo



“Premio do Público do IX Ciclo de Domingos a Escena 2008-2009”

Obra: **R.I.P. Marandaina**

Autor e Director: **Francisco Piñeiro**

Escenografía: **O Bordelo**

Reparto: Filomena **Dolores Viamaonte Rey**
Doctora..... **M^a Paz Rodríguez Silva**
Reporteiro..... **Antonio González- Patoso**
Marcial..... **Xosé Vicente Mon**
Casiano..... **Xosé Manuel González- Copa**
Prudencio..... **Francisco Piñeiro Glez**

A Obra:

R.I.P. Marandaina 500mg é un medicamento para reducir a febre do desequilibrio territorial que provoca un aumento irracional dalgunhas poboacións nas que a elevada hipertensión social xa provoca colapsos circulatorios, brotes endémicos de intolerancia e artrose comunicativa propia das selvas asfálticas.

R.I.P Marandaina 500mg está indicada para:

- Recuperar Integramente os Pobos, especialmente o inmaterial.
- Respecto da Industria pola Paisaxe, facendo posible a simbiose.
- Recuperación Integral da Política para acadar credibilidade
- Reforma Interior das Personas intolerantes e incívicas.

O Grupo:

O BORDELO. Cando un carro non podía saír dun atranco, o reforzo que se lle poñía diante para axudar a tirar del era **o bordelo**.

No ano mil novecentos noventa e oito, despois de varias experiencias teatrais no Auditorio de Sargadelos, créase o colectivo cervense de forma estable, integrado na Asociación Cultural Airitos do Xunco, para abordar o carro do teatro afeccionado na Mariña.

Dende aquela pasaron once anos, máis de catrocentas cincuenta actuacións espalladas por toda Galiza e polo occidente asturiano, nas que colaboraron un total de vinte e catro actores representando dez obras: “**Andar á comenencia**”, “**Na encrucillada**”, “**Cambadelas**”, “**Relax- Total**”, “**Plática –sisual**”, “**Trébedes sen lume**”, “**Katharsis**”, “**Anisocoria**”, “**O Mariñán**”, “**R.I. P**” (*con sabor a marandaina*), e o seu último traballo titulado **O ESPELLO DO PRESTAMISTA**. Todas escritas e dirixidas por Francisco Piñeiro González.

Organiza dende hai nove anos as Veladas do Souto e dende hai dous EXPRESS-arte, unha ventá aberta que permita ós xoves da Mariña manifestar a súa creatividade.

Con “**R.I.P. Marandaina**” o Grupo de Teatro “**O BORDELO**” acadou o Premio do Público do IX Ciclo de Teatro Afeccionado “**Domingos a Escena 2008-2009**”.

* Na representación do Teatro Jofre farás a entrega do Premio.



Prezos das Entradas.- Invitación

Mais información: <http://teatroobordelocervolugo.blogspot.com>